

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
OIA

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POR SERVICIO DE ALCANTARILLADO - ARTIGO 6 DEVENGO*

EDICTO

Rematado o prazo de exposición pública do acordo plenario do pasado 30.08.2018, no que aprobamos modificar o artigo 6-devengo, da ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizo de alcantarillado, sen que consten alegacións formuladas, pola presente remito texto refundido da ordenanza, coa súa nova redacción, a efectos de publicidade e de entrada en vigor da modificación:

Artículo 1.—Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación do servizo de alcantarillado, á que se refire o apartado letra r) do número 4 do rtigo 20 da citada Lei 39/88, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artículo 2.—Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan ás condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de alcantarillado municipal
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de alcantarillado municipal,
- c) Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas declaradas ruinosas, ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do alcantarillado.

Artículo 3.—Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.



Luns, 12 de novembro de 2018

Núm. 217

2. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos como tales nos artigos 38 ó 40 da vixente Lei Xeral Tributaria.

Artículo 4.—Cuota tributaria

A cota tributaria desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

No suposto que se realicen dos o máis tipos de actividades no mesmo edificio aplicarase a cota tributaria máis elevada.

Artículo 5.—Exencións e bonificacións

Estarán exentos do pagamento desta tarifa:

a) O Concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal.

b) As que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artículo 6.—Devengo

1. A taxa devengase cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, prorrateándose por trimestres naturais, e incluíndose al contribuínte no Padrón correspondente.

2. Entendése iniciada a actividade municipal:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, si o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de alcantarillado municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que obtuvera ou non a licencia de acometida e sen perxuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

3.—Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a a rúas prazas ou vías públicas nas que exista alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 30 metros e devengarase a taxa aínda que os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

Artigo 7.—Liquidación e ingreso

1.—Cando se presente a solicitude de licencia de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.



Luns, 12 de novembro de 2018

Núm. 217

2.—Sí se realiza a acometida sen mediar solicitude procederáse a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuício da apertura do correpondente expediente sancionador por infracción tributaria .

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodaráse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo etc.).

Artigo 8.—Infraccións e sancións

Nesta materia estarase o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ANEXO DA TAXA DE ALCANTARILLADO

1.—Tarifa

a) Por dereitos de acometida á rede (esixirase por unha soa vez):

Por vivenda unifamiliar	300,00€
En edificios colectivos, cada vivenda ou local	180,00€
Para establecementos industriais, comerciais e outros	360,00€

b) Por prestación do servizo de alcantarillado

Por vivenda	36,00€
Por establecementos, cafeterías, bares, bodegas, estacións de servizo e similares	60,00€
Por outros establecementos comerciais e pequenas industrias artesanais	36,00€
Por restaurantes de ata 100 m2 de comedor	100,00€
Por restaurantes de mais 100 m2 ata 200 m2 de comedor	150,00€
Por restaurantes de mais de 200m2	250,00€
Establecimientos hoteleros de menos de 10 habitaciónes	150,00€
Establecimientos hoteleros de mais de 10 habitaciónes máis 10,00€ por cada habitación.	150,00€
Entidades bancarias	150,00 €
Camping e grandes industrias	700,00€



Luns, 12 de novembro de 2018

Núm. 217

2. DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza xunto có Anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 28 de novembro de 2007 e entrou en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de 12.02.2008.

O presente texto recolle a modificación do seu artigo 6-devengo, operada por acordo plenario do pasado 30.08.2018, modificación que entrará en vigor trala publicación deste anuncio, dacordo co artigo 17 do Texto Refundido da lei Reguladora de facendas Locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo.

En Oia, a 26 de outubro de 2018.

A Alcaldesa-presidenta

Cristina Correa Pombal

*asdo dixitalmente á marxe.

